

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2024003810
ASUNTO	MODIFICACIÓN DA RP NÚM. RP2024002082, DE 13 de marzo de 2024, NA QUE SE RESOLVE A APROBACIÓN DA LISTA DE CENTROS EDUCATIVOS ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA PARTICIPAR NO ACTO DE CELEBRACIÓN DOS PREMIOS DEMO DAY CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DEPOEMPRENDE 2023-2024, NA MODALIDADE DO PROXECTO “DEPOEMPRENDE NA FP”
TRÁMITE	RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

MCC/aaf

A Vicepresidenta Segunda da Deputación de Pontevedra, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Visto o informe-proposta do Xefe de Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local de data 18 de marzo de 2024, co seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- En data 12 de febreiro de 2024 emítese Resolución Presidencial nº 2024001252 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria dos Premios Demo Day correspondentes ao programa “DepoEmprende” 2023-2024, modalidade do proxecto: “DepoEmprende na FP”, dirixida aos centros educativos de formación profesional da provincia de Pontevedra adheridos ao proxecto “DepoEmprende na FP” 2023-2024 (BOPPO, núm. 115, de 15 de xuño de 2023):

“DepoEmprende na FP”		
1	Gondomar	IES Plurilingüe Terra De Turonio
2	Lalín	IES Laxeiro
3	Pontevedra	IES Montecelo
4	Tomíño	IES Antón Alonso Ríos
5	Vigo	CIFP Manuel Antonio
6	Vigo	Colexio Vivas SL
7	Vigo	IES A Guía

SEGUNDO.- Con data 19 de febreiro de 2024 publicanse as bases reguladoras e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 35, de 19 de febreiro de 2024) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), indicándose na base sexta un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, contados a partir do día seguinte ao da publicación.

TERCEIRO.- Finalizado o prazo de presentación de solicitudes procedeuse á comprobación de datos esixidos na convocatoria tal e como se establece na base sétima, verificando que todas as solicitudes presentadas reúnen os requisitos esixidos na convocatoria así como do programa recollidos na base cuarta das bases que regulan esta convocatoria. Polo que, de acordo coa base décimo segunda, procedeuse a aprobar a lista de centros educativos admitidos e excluídos para participar no acto de celebración dos Premios Demo Day mediante Resolución Presidencial nº 2024002082, e que foi publicada na Sede electrónica e na web institucional, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.



NORMATIVA APLICABLE

- Bases reguladoras e convocatoria dos “Premios Demo Day” correspondentes ao programa “DepoEmprende” 2023-2024. Modalidade do proxecto: “DepoEmprende na FP” (BOPPO núm. 35, de 19 de febreiro de 2024).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE núm. 276, de 18 de novembro de 2003).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 28/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE núm. 176, de 25 de xullo de 2006).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (BOE núm. 80, de 3 de abril de 1985).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, de 2 de outubro de 2015).
- E demais normativa que resulte de aplicación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO.- A base décima establece que “No prazo de cinco días (5) naturais antes da data de realización dos Premios Demo Day, os centros educativos admitidos deberán facilitarlle ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, (...)” o proxecto empresarial e o resumo executivo do proxecto.

Todos os centros educativos admitidos presentan a documentación dos proxectos que figuran na solicitude. No obstante, detéctase un erro nun dos centros educativos, IES A Guía, que durante o proceso de inscrición e presentación de solicitudes, omite un dos proxectos seleccionados.

SEGUNDO.- O centro educativo presenta unha solicitude por rexistro na que alega que se debe a un erro de transcripción, que o proxecto foi seleccionado en todo momento para participar nos Premios Demo Day, e que éste participa nas obrigas e actividades da Demo Day.

TERCEIRO.- A empresa NORFORMACIÓN SL, adxudicataria do servizo de Asistencia técnica para o asesoramento ao alumnado do proxecto “DepoEmprende na FP”, presenta da mesma maneira unha solicitude de admisión do mesmo.

CUARTO.- Revisada a documentación presentada polo centro e á comprobación dos datos esixidos na convocatoria tal e como se establece na base sétima, verificase que todas as solicitudes presentadas reúnen os requisitos esixidos na convocatoria así como do programa recollidos na base cuarta das bases que regulan esta convocatoria.

Comprobando que non existe ningún outro proxecto excluído da convocatoria debido a esta situación, procédese á admisión da solicitude de inclusión do proxecto do centro, non atopando incompatibilidade coas bases que rexen os premios Demo Day.

En consecuencia, procede modificar o Anexo I da RP núm RP RP2024002082, de 13 de marzo de 2024 incorporando os proxectos que participan por cada un dos centros admitidos no acto de celebración dos premios Demo Day correspondentes ao programa DepoEmprende 2023-2024, na modalidade do proxecto “DepoEmprende na FP”.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes de feito, normativa aplicable e fundamentos xurídicos e tratamento técnico, PROPONSE á Presidencia:

1.- Modificar o Anexo I da RP núm. RP2024002082, de 13 de marzo de 2024, pola que se aproba a lista de centros educativos admitidos e excluídos para participar no acto de celebración dos premios Demo Day



correspondente ao programa DepoEmprende 2023-2024, na modalidade do proxecto “DepoEmprende na FP”, incorporando os proxectos dos centros educativos, e que queda redactado como segue:

Centros educativos e proxectos admitidos e excluídos para participar nos premios Demo Day correspondentes ao programa “DepoEmprende” 2023-2024 na modalidade do proxecto “DepoEmprende na FP”

Relación de centros educativos e proxectos admitidos e excluídos para participar na convocatoria de premios Demo Day 2024:

Centros educativos seleccionados			Proxectos
1	IES Plurilingüe Terra De Turonio	Gondomar	“Explorer Team. Fluye Libre”
2	IES Laxeiro	Lalín	“SwimLed” “Movet”
3	IES Montecelo	Pontevedra	“Chucurruchú” “A Leticia das Mareas”
4	IES Antón Alonso Ríos	Tomiño	“RedWood -Digital”
5	CIFP Manuel Antonio	Vigo	“Anima” “SigTur”
6	Colexio Vivas SL	Vigo	“Bota pa fora” “Green Live”
7	IES A Guía	Vigo	“Re-Size” “Amphora”

Centros educativos excluídos
Ningún

A presente lista definitiva non crea dereito algún a favor dos centros educativos propostos fronte á Administración, mentres non sexa notificada a Resolución de concesión.

2.- Publicar a modificación na Sede electrónica e na web institucional da Deputación.”

En consecuencia, visto o que antecede e de acordo co establecido nas bases e convocatoria para participar no acto de celebración dos premios Demo Day correspondentes ao programa DepoEmprende 2023-2024 na modalidade de proxecto DepoEmprende na FP e demais lexislación concordante de aplicación e, de conformidade co disposto na Resolución Presidencial de data 2 de agosto de 2023, de delegación de competencias e a Resolución Presidencial n.º 2023006250, de 8 de agosto de 2023, de concreción de atribucións específicas, da Resolución Presidencial n.º 2024002173, que modifica a anterior e a Resolución Presidencial n.º 2024002205,
RESOLVO:

1.- Aprobar a lista de centros educativos e proxectos admitidos e excluídos para participar nos Premios Demo Day.

2.- Publicar referida lista na Sede electrónica e na web institucional da Deputación.



A dita lista achégase como Anexo I.

A presente lista definitiva non crea dereito algún a favor dos centros educativos propostas fronte á Administración, mentres non sexa notificada a Resolución de concesión.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



ANEXO I

Centros educativos admitidos e excluídos para participar nos premios Demo Day correspondentes ao programa “DepoEmprende” 2023-2024 na modalidade do proxecto “DepoEmprende na FP”

Relación de centros educativos e proxectos admitidos e excluídos para participar na convocatoria de premios Demo Day 2024:

Centros educativos seleccionados		Proxectos	
1	IES Plurilingüe Terra De Turonio	Gondomar	“Explorer Team. Fluye Libre”
2	IES Laxeiro	Lalín	“SwimLed” “Movet”
3	IES Montecelo	Pontevedra	“Chucurruchú” “A Leticia das Mareas”
4	IES Antón Alonso Ríos	Tomiño	“RedWood -Digital”
5	CIFP Manuel Antonio	Vigo	“Anima” “SigTur”
6	Colexio Vivas SL	Vigo	“Bota pa fora” “Green Live”
7	IES A Guía	Vigo	“Re-Size” “Amphora”

Centros educativos excluídos
Ningún

